



Festas e mitoloxía relixiosa

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Exvotos e rituais nos santuarios lucenses

Título: Exvotos e rituais nos santuarios lucenses.

Editorial: Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Ano de publicación: 1996.

ISBN: 84-8192-078-91.

Depósito Legal: 377-1996.

Autor: **BLANCO PRADO, José Manuel**

..

Nesta obra podemos distinguir tres partes claramente diferenciadas. Na primeira, o autor fai un estudo dos diferentes rituais que acontecen nos santuarios lucenses, nos que ademais de distinguir aqueles ritos xerais a todos eles, como □poñer o santo□, □levar a cabo o rito de circunvalación ó redor do recinto sacro□, □a procesión□... salienta outros que son específicos dalgúns santuarios, como por exemplo □ o ritual do Meco e as Pampónigas□, na Ermida, Queiroga (Lugo), o □bandeo do pendón□, en Arante, Ribadeo (Lugo), as danzas da Cervela, O Incio (Lugo), en honor da Virxe, a bendición do gando no Cadramón, O Valadouro (Lugo), e na Rigueira, Xove (Lugo). No ámbito dos exvotos, distingue aqueles que serven para mellorar os santuario, os ornamentais, caso dos cadros pictóricos, e os máis habituais que son os de cera.

Na segunda parte da obra leva a cabo unha análise concreta de 24 santuarios da provincia estruturados todos eles do mesmo xeito: localización, rasgos artísticos, peticións, rituais e ofrendas. O traballo remata cunhas mencións básicas a 82 santuarios da diócese de Lugo e 62 da de Mondoñedo-Ferrol.

